

JOAN BAEZ: I AM NOISE

Karen O'Connor, Miri Navasky, Maeve O'Boyle, 2023

1278

ESTREA EN NUMAX: 23.04.2024 | V.O.S.E. | 113'

Aos seus 20 anos, Joan Baez foi a raíña indiscutible da música folk, unha das primeiras persoas en recoñecer o talento de Bob Dylan e gravar as súas cancións, e alguén que usou a súa fama para loitar polos dereitos civís e a xustiza, e contra a guerra en Vietnam. A película repasa a vida de Baez mentres segue á artista na súa xira de 2018/2019.

«Calquera que estea interesado nos artistas do movemento contracultural terá moito que apreciar aquí»

David Rooney, THE HOLLYWOOD REPORTER



Entrevista con Karen O'Connor, Maeve O'Boyle e Miri Navasky: «Quixemos integrarnos na vida diaria de Joan, nos camiños que percorre cada día»

Rara vez se poden ven tres directoras nun documental. Que achegou cada unha de vós ao proxecto? Karen O'Connor [KC]: Eu acheguei a relación con Joan, a quen coñezo desde hai máis de 30 anos e por iso puidemos crear unha película íntima e inmersiva. Puidemos conversar cunha proximidade difícil de atopar noutros documentais e iso marcou o ton particular do filme.

Maeve O'Boyle [MB]: Eu son editora de profesión pero sempre tiveron o soño de dirixir. Neste proxecto principalmente idee a narración e executei a edición da película. Tamén houbo un traballo de montaxe durante a propia gravación do documental, o que nos permitía comprobar os avances, debater sobre eles, mudar as cousas que non nos gustaban a medida que avanzaba o proxecto.

Miri Navasky [MN]: Karen achegou a confianza coa protagonista, sen ela non poderíamos facer un filme así. Moeve achegou a súa capacidade para a montaxe que permitír xogar co tempo, ir de adiante para atrás na vida de Joan Baez. No meu caso, non sabía gran cousa da vida de Joan polo que acheguei unha perspectiva externa. Eu procedo da investigación e a Historia, polo que son unha persoa obsesiva co manexo de arquivos e Joan tiña toneladas de diarios, cartas e fitas de audio nas que me mergullei.

Para alguén que, en varios momentos da súa vida, foi bastante caótica e libre, sorprendeume o ben ordeado que ten o seu propio arquivo. Foi sorprendente tamén para vós? KC: Joan non era moi consciente disto, foi máis ben a súa familia que foi gardando todo o material. A escena da película na que ela entra nun almacén e se sorprende do material clasificado é real. Nunca estivera alí diante nin tiña idea da enorme mira de ouro persoal que alí había gardada.

MN: Había moitísimo arquivo. A súa familia documentouno todo. Seu pai gravou e ordeou moitas horas de audio e a nai as cartas e outros arquivos escritos.

KC: En termos de traballo co arquivo e a súa organización intercambiamos roles. Non había unha división separada, todas diriximos, eu seguramente fun quen máis filmou pero sempre sabía que había máis ollos atentos.

Operastes como unha pequena unidade de produción, supoño que con escasos medios de iluminación e cámara? KC: Non usamos luces, todas as entrevistas foron con luz natural. Tampouco queríamos facer unha película de concertos polo que, naqueles que saen na película, colocámonos detrás do escenario ou no camerino. Queríamos integrarnos na vida de Joan, nos camiños que percorre cada día, a súa casa... Algunhas escenas íntimas como a da súa nai non podían ter máis dunha persoa rodando, e aí fun eu a que filmou.

Cando durou a filmación? Puidestes ver o filme con Joan e comprobar o que opinaba? KC: O proceso foi longo, con moitas interrupcións. Comezamos a filmar en serio cara a 2017 ou 2018. Non podería dicirche cantas entrevistas fixemos pero foron moitas, con tempos mortos para ver cara a onde ía o proxecto. Logo chegou a pandemia, que complicou as cousas. Tentamos facer algunhas entrevistas por Zoom pero non valían para o obxectivo da película. Foi un proceso longo pero penso que todas quedamos felices co resultado.